24.04.2026 | 20:00 | CATEDRAL DE TUI

ENRIQUE MARTÍN-LAGUNA

Organista titular da Catedral de Santa María Magdalena de Getafe e profesor de órgano do Conservatorio Profesional de Música Rafael Frühbeck de Burgos. Completou o Grao Profesional de piano con José Luis Agulló no Conservatorio Profesional de Música Manuel de Falla de Alcorcón.

Obtivo o Título de Grao Superior de Órgano estudando con Roberto Fresco no Centro Superior de Ensino Musical Katarina Gurska e o Título de Grao Superior de Composición no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Completou a súa formación realizando un Máster de órgano no Conservatorio Real de Bruxelas con Benoît Mernier.

Ampliou a súa formación en órgano, improvisación, clave e clavicordio con profesores como Montserrat Torrent, Andrés Cea, Aline Zylberajch, Sietze de Vries, Olivier Latry, Bernhard Haas, François Espinasse, Ton Koopman, Lorenzo Ghielmi, Pieter Van Dijk, etc.

Gañador do primeiro premio ex aequo no III Concurso Nacional de Órgano “Francisco Salinas”. A súa actividade concertística levouno a ofrecer recitais en diversos lugares de España, Bélxica, Francia e Italia.

PROGRAMA

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
Toccata e fuga en re menor, BWV 565
Liebster Jesu, wir sind hier, BWV 731

Juan Cabanilles (1644-1712)
Tiento lleno segundo tono
Tiento primer tono en tercio a modo de Italia
Tiento de 6º tono mano izquierda con un pedazo de dos Bajos

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
Fantasia e fuga en do maior, BWV 547
Wachet auf, ruft uns die Stimme, BWV 645
Toccata, adagio e fuga en do maior, BWV 564

NOTA AO PROGRAMA

O segundo concerto, con Enrique Martín-Laguna, establece un diálogo explícito entre Bach e a escola ibérica do século XVII na figura de Joan Cabanilles (1644-1712), organista titular da Catedral de Valencia durante máis de corenta anos. Os tres tientos presentes no programa ilustran con clareza as posibilidades do instrumento ibérico: o tiento lleno demanda a plena rexistración, coa cor da trompetería en primeiro plano; o tiento de mano izquierda, como o seu nome suxire, explota (no instrumento histórico) a partición do teclado para destacar unha voz grave sobre un tecido polifónico máis lixeiro; o tiento a modo de Italia amosa a influencia, sobre todo, de Frescobaldi, que chegou á Península a través dos intercambios culturais do Barroco. A alternancia con Bach convida novamente a reflexionar sobre o contacto entre as escolas europeas do período, máis estreito do que poderíase imaxinar.